

Presentación da Programación do Culturgal 2010 na Coruña: Faiado

PROGRAMACIÓN

NOVO CINEMA GALEGO

O premio que a crítica lle concedeu en Cannes á primeira longametraxe de Oliver Laxe, Todos vós sodes capitáns, revelou unha corrente subterránea no audiovisual do país. É o que os críticos Martin Pawley, José Manuel Sande e Xurxo González chaman o Novo Cinema Galego. Un grupo heteroxéneo de cineastas mozos que empezou a súa carreira en paralelo á posta en marcha da Axencia Audiovisual Galega en 2006 e que traballan decote sen a pesada carga dos modos de produción dominantes na industria do cine. Con Alberte Pagán como pioneiro ou pedra de toque e os nomes de Eloy Enciso, Oliver Laxe, Peque Varela e Ángel Santos na primeira liña, o Novo Cinema Galego é aínda un fenómeno de límites imprecisos. Está a pasar agora.

O ciclo dedicado ao Novo Cinema Galego no Faiado, que transcorre en paralelo ao que lle están a dedicar a Universidade de Vigo e Cineuropa, estrutúrase en sete sesións:

1.- Introducción ao Novo Cinema Galego

Sábado 27. 12:00. Na sala de proxeccións

Na charla inaugural do ciclo, Suso Novás e Belí Martínez trazarán unha panorámica sobre o fenómeno: as súas características, o que ten de cuestionamento dunha maneira de entender o audiovisual en Galicia, o que cómpre agardar no futuro dos cineastas que se poden adscribir á etiqueta. Suso Novás, crítico e pogramador, coordina ao longo de todo este mes na Casa das Campás de Pontevedra un curso sobre a mesma materia. Belí Martínez é profesora de documental na facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Vigo e traballou na produción de Arraianos, de Eloy Enciso, a película chamada a relevar a Todos vós sodes capitáns nos festivais europeos de referencia en 2011.

2.- Alberte Pagán: a pedra de toque

Sábado 27. 14:30. Na sala de proxeccións

Escritor, filólogo, ensaísta, cineasta e un dos maiores expertos no cinema experimental no Estado español, Alberte Pagán (O Carballiño, 1965) posúe xa unha vizosa filmografía construída fóra da industria e fóra das axudas institucionais. Pioneiro, precursor ou pedra de toque para varias xeracións, ninguén discute que rozou un camiño novo. Coa súa última peza, Eclipse, apunta novas direccións, incorporando elementos narrativos e diarísticos que non frecuentara até agora. No Faiado repasará a súa filmografía de viva voz e proxectando fragmentos das súas obras, algúns inéditos.

<http://flocos.tv/curta/po-de-estrelas>

3.- Víctor Hugo Seoane: traballar a seis mans

Sábado 27. 15:30. Na sala de proxeccións

Os traballos de Víctor Hugo Seoane (Vigo, 1982) susténtanse pola súa vez sobre o Grupo de Creación Vaivén, que comparte con Jaione Camborda e o actor Iván Marcos. En Pontevedra, onde tamén se proxectará El vaivén (2009), unha curtametraxe escrita e dirixida polos tres, presentará unha primeira montaxe do seu traballo máis recente, Lugares no tempo (2010), unha peza de 70 minutos que quere ser unha contemplación da existencia como lugar de paso, un transo entre o antes e o agora.

<http://vimeo.com/14649618>

4.- Ángel Santos: a cinefilia

Sábado 27. 18:30. Na sala de proxeccións

O rohmeriano Ángel Santos (Marín, 1976) encarna coma ningún outro da súa xeración a cinefilia, unha das características do Novo Cinema Galego. Autor de curtas como Fantasmas #1, que este mes se poderá ver no Festival Internacional de Cine de Xixón, última a súa segunda longametraxe, Dos fragmentos/Eva, protagonizada por Iria Piñeiro. Ao Faiado chegará co material bruto da súa nova curtametraxe, Adolescentes, para presentalo por primeira vez en público.

<http://flocos.tv/adianto/dous-fragmentos-eva-teaser>

5.- José Manuel Sande: a promesa de Arraianos

Sábado 27. 19:30. Na sala de proxeccións

O crítico e historiador José Manuel Sande, programador do Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) e un dos autores intelectuais da etiqueta Novo Cinema Galego, visita o Faiado na súa condición de guionista. Xunto ao cineasta Eloy Enciso (Meira, Lugo, 1965) leva varios anos traballando na que podería ser a película que levase o cine galego polos principais festivais europeos o ano que vén. Arraianos, da que se poderá ver material inédito en Culturalgal, podería relevar a Todos vós sodes capitáns en Cannes ou Locarno.

<http://flocos.tv/adianto/arraianos-teaser>

6.- Bloque 1 de proxeccións

Sábado 27. 13:00. Na sala de proxeccións

Domingo 28. 19:30. Na sala de proxeccións

Como complemento á introdución e as catro sesións de autor, o Faiado ofrece dous bloques de proxeccións que se poderán ver o sábado e o domingo en varios momentos do día. O primeiro inclúe O proceso de Artaud (2010), unha curtametraxe de 13 minutos de Ramiro Ledo (Lugo, 1981), o seu traballo máis recente; El vaivén (2009), unha peza de 20 minutos de Víctor Hugo Seoane, Jaione Camborda e Iván Marcos; e sete pezas curtas de Lois Patiño (Vigo, 1983), concretamente as súas series completas Paisaxe-duración e Paisaxe-distancia, elaboradas entre 2009 e 2010.

7.- Bloque 2 de proxeccións

Domingo 28. 18:30. Na sala de proxeccións

Inclúe outras dúas pezas: 36/75 (2009), unha película de 45 minutos de Xurxo Chirro (A Guarda, 1973), e Varona (2010), un traballo de 5 minutos de Lara Bacelo (Mos, 1981).

FERRAMENTAS DE EDICIÓN

Catro plataformas, catro procesos, catro maneiras de entender a edición como ferramenta e como dispositivo de intervención.

Venres 26. 17:00. No stand

Estaleiro Editora

Xa non se pode dicir que Estaleiro Editora sexa un novo selo. Nin sequera que sexa un selo independente coma se independente quixese dicir “ao principio do camiño” que conduce a outra cousa. Hai case tres anos de Plan de fuga (2007), o libro de poemas de Alberto Lema que estreou o seu catálogo, e Estaleiro segue a funcionar de xeito asembleario e como unha asociación sen ánimo de lucro, editando baixo licenzas Creative Commons e só en lingua galega, respectando a norma que os autores escollen para o seu texto.

<http://estaleiroeditora.blogaliza.org>

Editorial Trifolium

Xan Arias-Andreu é un editor clandestino. Así se define este galego de Madrid afincado en Oleiros, á beira da Coruña. A páxina web da súa editorial, que vén de poñer novamente en galego O dereito á preguiza de Paul Lafargue e A natureza humana: xustiza versus poder, un coñecido debate entre Noam Chomsky e Michel Foucault, está encabezada por unha elocuente cita de Alberto Manguel: “Os gobernos nunca son verdadeiramente simpatizantes das letras, e por iso non adoitan encarcerar, torturar e matar por razóns políticas mergulladores ou axentes de bolsa, senón escritores”.

<http://editorialtrifolium.com/>

Proxecto Corsárias

Unha librería nómada e virtual que procura acomodo en Compostela, unha distribuidora de materiais críticos, en Galicia e fóra de Galicia, e unha editora. Iso quere ser o Proxecto Corsárias, unha plataforma con base na internet que aspira a ser referencia do pensamento crítico no país. Nas súas comunicacións públicas empregan a norma reintegracionista, pero como no caso de Estaleiro respectan a opción de cada autora ou autor.
<http://www.corsarias.net>

Proxecto Derriba

A comunidade dos que non teñen comunidade. Así se alcuma Proxecto Derriba, unha asociación sen ánimo de lucro dedicada á reflexión sobre o pensamento contemporáneo que traballa con licenzas Creative Commons. Veñen de editar dous volumes con Estaleiro Editora, dúas monografía sobre Toni Negri e Gianni Vattimo, e publican unha revista semestral en soporte electrónico chamada Derritaxes.
<http://proxectoderriba.org/>

As presentacións dos distintos proxectos rematarán cun coloquio no que participarán Carlos Diegues (Estaleiro Editora), Pepe Árias (Proxecto Corsárias), Xan Arias-Andreu (Editorial Trifolium) e Abraham Rubín (Proxecto Derriba).

Presentación de Non conciliados. Argumentos para a resistencia cultural

Venres 26. 20:00. No stand

No seu noveno aniversario, o Cineclub de Compostela publicou o volume colectivo Non conciliados. Argumentos para a resistencia cultural. Unha caixa de ferramentas con vinte e tres achegas contra a superestrutura ideolóxica do modo de produción dominante, a cultura do espectáculo e a propiedade intelectual privatizada. Escriben Alberte Pagán, Alberto Lema, Aurelio Castro, Belén Gopegui, CSO Casa das Atochas, Cristina García Parga, Cristina Martínez, David Rodríguez Rodríguez, Gonzalo Pallares, Iria Sobrino Freire, Isaac Lourido, Isaac Marrero Guillamón, José Manuel Sande, Lara Rozados Lorenzo, Daniel Salgado, María do Cebreiro, Mario Regueira, Marcos Pérez Pena, Miguel Prado, Ramiro Ledo Cordeiro, Samuel Solleiro, Urro, Xesús González Gómez e Xiana Arias.

<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org/>

MÚSICA

Era unha vez un suco

Venres 26. 19:00. Na sala de proxeccións

Audiokonferencia participativa de Julio Gómez e Luís Campos (Sinsalaudio) sobre a historia da música enlatada

Sosoaudio

Venres 26. 20:15. Na sala de proxeccións

Presentación do selo Sosoaudio e das súas primeiras dúas series: cilindros fonográficos e dedodiscos

Concerto de Emilio José

Venres 26. 20:30. Na sala de proxeccións

O estudio na túa casa

Sábado 27. 12:00. No stand

Obradoiro de autoedición musical (Cubase, Logic, secuenciadores, sintetizadores, etc), a cargo de músicos galegos: Iván Oubiña (6pm), Diego Castro (Disco las Palmeras!) e Xan Molina (Mequetrefe)

Desconcierto Cultural

Sábado 27. 17:00. No stand

Presentación de Desconcierto Cultural, a cargo de Manuel Suárez e Álvaro Álvarez

A autoedición na música: o camiño do novo músico

Sábado 27. 17:30. No stand

Coloquio moderado por Manuel Suárez e coa participación de: Manuel Portolés (Niño y Pistola), Toño Rodríguez (Unicornibot), Javier Becerra (La Voz de Galicia) e Tomi Legido (CuacFM/10D10)

ASOCIACIÓN E PLATAFORMAS

Amalgama

Sábado 27. 18:30. No stand

Presentación da asociación cultural Amalgama e o seu centro social en Vigo, Centro de Gravedad Permanente

A Panificadora

Domingo 28. 12:00 / 17:30. Na sala de proxeccións

Presentación e proxección do documental "A Panificadora" (2009, 24 minutos), de Míriam Rodríguez, a cargo da súa autora.

Cela 11

Domingo 28. 13:00 / 17:00. Na sala de proxeccións

Presentación da instalación "Cela 11", sobre a memoria da represión política no vello cárcere da Coruña, a cargo de Anxela Caramés e Ramón Santos, os autores

Novos modelos participativos de xestión cultural

Domingo 28. 17:00. No stand

Novos modelos participativos de xestión cultural. A experiencia do vello cárcere da Coruña é o título da charla que ofrecerá Ángel Rueda, organizador dos primeiros Encontros sobre novos modelos participativos de xestión cultural" (A Coruña, 19 e 20 de novembro) e director do Festival Super 8 de cine non hexemónico, que se fixo este ano no cárcere. Despois, presentarase o proxecto Fermento Danubio, a cargo de Uxío Reinoso, da plataforma Entremos na Panificadora, que procura democratizar a toma de decisións sobre o futuro do edificio. Finalmente, haberá un coloquio.

Repensar os modos de produción cultural

Domingo 28. 18:30. No stand

Bloque moderado por Anxela Caramés, no que participarán: Ania González (Culture Workers), Manuel Loureda (Universidade Invisíbel), Carme Nogueira (artista) e Enrique Lista (artista). Remata cun coloquio moderado por Ánxela Caramés, crítica de arte. Concluirá cun coloquio.